

## 3ª edición -ampliada- en galego e 1ª en castelán de ¿A QUE ALTURA ESTÁ O CEO?, de Jorge Mira

Publicamos, agora tamén para todo o mercado español, esta historia do tamaño do Universo, explicada para todos os públicos, que en 2017 recibiu o PREMIO CIENCIA EN ACCIÓN ao “Mellor material didáctico de ciencia”.

Formato: 13 x 23 cm. 130 pp.

ISBN 3ª edición en galego:

978-84-16460-77-9

ISBN edición en castelán:

978-84-16460-74-8

PVP: 18,50 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, MARZO DE 2020.- A obra divulgativa ¿A QUE ALTURA ESTÁ O CEO? (Alvarellos Editora, 2016), escrita polo Catedrático de Electromagnetismo da Universidade de Santiago, Jorge Mira, coa colaboración da escritora e enxeñeira María Canosa e ilustrada por Dani Padrón, alcanza a súa terceira edición –agora, ampliada e actualizada– en galego ao tempo que aparece publicada a primeira edición en castelán. Ambas chegan avaladas co recoñecemento do prestixioso PREMIO CIENCIA EN ACCIÓN que recibiu esta obra en 2017 na modalidade de Mellor Material Didáctico de Ciencia. Ademais, esta obra foi, en 2016, o 2º mellor ensaio galego do ano para as lectoras/es da revista *Fervenzas Literarias* e o 5º ensaio galego máis vendido tamén de 2016 segundo o *Caderno da crítica*.

¿A que altura está o ceo? Velaquí unha das preguntas que se leva formulando o ser

humano desde os albores da súa existencia. Este libro vamos dar a resposta a esta cuestión... e a moitas outras. O físico e comunicador científico Jorge Mira realiza unha apaixonante viaxe no tempo. Comeza na época da Grecia clásica e chega ata os descubrimentos máis recentes sobre o Universo.

Despois de ler estas páxinas poderemos responder a cuestións coma estas: ¿Por que vemos o ceo azul ou o Sol amarelo? ¿Como se puido saber a que altura están a Lúa, o Sol e os planetas? ¿Como é posible calcular o lonxe que está unha estrela ou unha galaxia? ¿Cal é a idade do Universo? ¿E o seu tamaño? ¿Que quere dicir que o Universo se expande? ¿E a que velocidade o fai? ¿É certo que foi un cura quen primeiro falou do Big Bang?...

Benvidas e benvidos a esta aventura ¡Boa viaxe espacial!

Contacto: Jorge Mira, [jorge.mira@usc.es](mailto:jorge.mira@usc.es). Alvarellos Editora: [correo@alvarellos.info](mailto:correo@alvarellos.info) 981 522 137



Alvarellos Editora SL CIF B-70183082. Rúa de Sempre en Galiza, 4 (plaza interior)

15706 Santiago de Compostela. Tel 981 522 137 - 609 90 88 52 - [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) - [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)